

Solicitante	Espectáculo	Puntuación	Subvención	Para xustificar
Trintaetrés	Tradición	D ⁽²⁾		
HT Producciones	/	D ⁽³⁾		
A.C. Crema de Gaita	Tangalego	D ⁽²⁾		
El Destape	Slowlee	D ⁽²⁾		
Coconut Music Events	Nadadora	D ⁽³⁾		
Wonderland, S.C.	/	D ⁽²⁾		
Falcatruada	Bonovo	D ⁽⁴⁾		
Total			68.595,17	114.325,29

(1) Excluída segundo o establecido na cláusula 8ª do capítulo VII da resolución pola que se anuncia a convocatoria pública de subvencións ao sector escénico e musical para o ano 2008.

(2) Incumpru o requisito establecido na alínea c da cláusula 2ª do capítulo VII da resolución pola que se anuncia a convocatoria pública de subvencións ao sector escénico e musical para o ano 2008.

(3) Desistida por non presentación da documentación requirida para a emenda das faltas detectadas no prazo establecido.

(4) Presenta escrito de renuncia.

Modalidade G. Formación especializada.

Solicitante	Nº rex.	Puntuación	Importe	Obxecto
Pablo Reboleiro Rama	1613	70	1.350,00	Jeunes Talents Cirque
Total			1.350,00	

SERVICIO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER

Resolución do 19 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a selección de 20 explotacións agrarias de titularidade ou cotitularidade feminina e de 20 micropemes lideradas por mulleres, beneficiarias das subvencións para a mellora da súa xestión polo uso das TIC, no marco do Programa Avanza 2007 (Programa Avanza 1 e 2) e se procede á súa convocatoria.

O Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, atribúelle á Vicepresidencia as competencias en materia de igualdade de xénero, que serán exercidas de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e nos termos sinalados na Constitución española.

Ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, creado pola Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, correspóndelle, entre outras funcións, a de elaborar plans de actuación, programas piloto e plans-ponte para fomentar o emprego e facilitar a formación profesional das mulleres (artigo 3.8º).

A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, establece o compromiso da Comunidade Autónoma na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade no ámbito laboral e formativo.

Por outra banda, o día 14 de setembro o conselleiro de Innovación e Industria e o secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información asinaron un convenio de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Xunta de

Galicia para o desenvolvemento do Plan avanza que busca conseguir a adecuada utilización das TIC, e así contribuír ao éxito dun modelo de crecemento económico baseado no incremento da produtividade e a competitividade, na promoción da igualdade social e rexional, na accesibilidade universal e na mellora do benestar e da calidade de vida da cidadanía.

No marco do mencionado plan, o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller vai intervir no desenvolvemento de dous programas:

-Programa de xestión das explotacións agrarias: incorporando a través das mulleres titulares en solitario ou de xeito compartido das explotacións agrarias familiares ao uso de programas de xestión das explotacións desenvolvidos con software libre e baseados en estándares abertos con interface en galego e adaptados á realidade das explotacións familiares agrarias galegas.

-Programa de incorporación das NTIC a micropemes lideradas por mulleres: nos procesos de xestión interna da empresa (contabilidade, recursos humanos...) ou favorecendo o comercio electrónico a través dunha web que deberá cumprir cos requisitos de accesibilidade WAI-A para garantir o seu uso desde distintos navegadores e por personas con discapacidades.

Con esta resolución preténdese promover, por unha banda, o uso das ferramentas informáticas no medio rural utilizando como axentes de introdución as mulleres titulares ou cotitulares de explotacións agrarias de Galicia, combaténdose, deste xeito, as dúas fendas dixitais importantes, a do medio rural ao respecto do urbano e a das mulleres a respecto dos homes, e por outra, favorecer a incorporación das TIC ás micropemes creadas por mulleres, como fórmula para garantir a súa competitividade e supervivencia, apostando polo uso do idioma galego na internet e das solucións informáticas sustentables, ao facerse utilizando estándares abertos e software libre e fomentar a capacitación feminina nas TIC.

No Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2008, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en canto non se opoña a esta lei, establécense os requisitos xerais ás subvencións concedidas pola Administración autonómica, normativa á que, en consecuencia, se adaptará esta resolución, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, obxectividade e concorrência.

Por todo o exposto, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

FINALIDADE E RÉXIME DAS AXUDAS

Artigo 1º.-*Finalidade.*

O obxecto desta resolución é fixar as bases reguladoras e a convocatoria pública para o ano 2008, das axu-

das e subvencións establecidas polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, en réxime de concorrencia competitiva, para seleccionar 20 explotacións agrarias das que as mulleres sexan titulares ou iniciaran o proceso de cotitularidade destas, e 20 empresas (micropemes) lideradas por mulleres, beneficiarias das axudas incluídas dentro do Plan avanza 2007, a través dos seguintes programas:

-Programa avanza 1: mellora da xestión das explotacións agrarias polo uso das TIC (6 en Lugo, 6 en Ourense, 4 na Coruña e 4 en Pontevedra).

-Programa avanza 2: incorporación das NTIC a micropemes lideradas por mulleres (10 para a incorporación de NTIC aos procesos de xestión interna da empresa: contabilidade, recursos humanos..., e 10 para a incorporación da empresa ao comercio electrónico a través dunha web).

Artigo 2º.-Financiamento.

As accións incluídas nesta resolución financiaranse con cargo á partida orzamentaria 05.80.313B.771.0 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, están financiadas polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e o importe global destinado a estas ascende a 280.000 €.

Artigo 3º.-Normativa aplicable.

A tramitación de solicitudes e concesión destas axudas axustarase ao disposto, no Regulamento (CE) núm. 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis*, para o programa Avanza 2, no Regulamento (CE) nº 1860/2004 da Comisión do 6 de outubro de 2004, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis*, nos sectores agrario e pesqueiro para o programa avanza 1, no Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2008; na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en canto non se opoña á Lei 9/2007, do 13 de xuño; nesta resolución e demais normativa de aplicación.

En canto á información e publicidade das accións que se realicen ao abeiro desta resolución rexerá o disposto no Regulamento (CE) número 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro, que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e demais normativa de aplicación.

Artigo 4º.-Beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas:

a) Programa avanza 1: mellora da xestión das explotacións agrarias polo uso das TIC.

a.1) As mulleres titulares en solitario dunha explotación familiar agraria galega.

a.2) As mulleres cotitulares dunha explotación familiar agraria galega.

b) Programa avanza 2: incorporación das NTIC a micropemes lideradas por mulleres.

b.1) As empresarias autónomas, constituídas baixo calquera tipo de sociedade, incluídas as sociedades unipersoais.

b.2) As empresas participadas maioritariamente por mulleres.

2. Para os efectos do establecido no punto a.2) deste artigo, considéranse tamén cotitulares dunha explotación familiar agraria galega as mulleres beneficiarias das axudas e subvencións convocadas por Resolución do 8 de agosto de 2006 (DOG do 18 de agosto) e Resolución do 13 de setembro de 2007 (DOG do 21 de setembro) do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller para o acceso das mulleres á cotitularidade de explotacións como fórmula de integración laboral da muller e estímulo ás mulleres emprendedoras de Galicia. Así, aquelas mulleres beneficiarias destas axudas non terán que achegar a documentación exixida no artigo 6.e).

3. Para os efectos do establecido no punto b) deste artigo, serán beneficiarias do programa as mulleres titulares dunha micropeme, xa sexa por titularidade única ou compartida con outras mulleres, calquera que sexa a forma xurídica de constitución.

Artigo 5º.-Axudas.

a) Programa avanza 1: mellora da xestión das explotacións agrarias polo uso das TIC.

1. As axudas consistirán nunha subvención, e por unha soa vez, que como máximo será de 4.000 euros por explotación.

2. Estas axudas están destinadas a sufragar gastos derivados da adquisición de equipamento informático para a explotación, que deberá reunir as seguintes características mínimas:

Procesador: Intel ou AMD ou compatible de máis de 1.8 GHz.

Memoria caché: 2 MB de caché de nivel 2.

Memoria RAM: 2048 (2 x 1024 MB) MB.

Disco duro: polo menos 300 GB.

Unidade óptica: DVD+-RW/+R DL.

Tarxeta gráfica: polo menos 256 MB de memoria propia.

Audio: altosfalantes estéreo.

Tarxeta de rede: Ethernet 10 BASE-T/100 BASE-TX.

Conexións inalámbricas: WLAN 802.11 b/g.

Dispositivos de entrada/saída:

-Polo menos un porto Firewire.

-Polo menos 4 portos USB 2.0.

-Lector de tarxetas: compatible con Memory Stick estándar, Smart Card, Compact Flash, SD, etc.

-Teclado en español.

-Rato con roda de navegación.

-Monitor TFT de 19 polgadas e resolución mínima de 1280x1024.

-Sistema operativo baseado en software libre, preinstalado.

Características xerais do portátil:

Procesador: Intel ou AMD ou compatible de máis de 1.6 GHz.

Memoria caché: 2 MB de caché de nivel 2.

Memoria RAM: 2048 MB.

Disco duro: polo menos 120 GB.

Unidade óptica: DVD+-RW/+R DL.

Tarxeta gráfica: polo menos 128 MB de memoria propia.

Taxeta de rede: Ethernet 10 BASE-T/100 BASE-TX.

Conexións inalámbricas: WLAN 802.11 b/g.

Batería de ión de litio (Li-Ion) de 6 celas.

Dispositivos de entrada/saída: polo menos un porto Firewire, polo menos 2 portos USB 2.0, monitor externo, fenda Express Card.

Sistema operativo baseado en software libre, preinstalado.

No caso de dispositivos periféricos e outros equipamentos precisos para o desenvolvemento da actividade, tales como impresoras, escáneres, cámaras web ou similares, deberán dispoñer de controladores compatibles co sistema operativo baseado en software libre preinstalado.

A compra do material informático por parte das destinatarias estará supervisada e asesorada polo Servizo Galego de Igualdade que, con carácter previo, visitará a explotación e elaborará un informe das necesidades reais de hardware e comunicacións desta.

3. As beneficiarias das axudas deberán comprometerse a incorporarse a un programa de formación no uso do software dentro do programa Avanza. Este programa será levado a cabo de maneira individualizada e personalizada na explotación a que o hardware se destine.

b) Programa avanza 2: incorporación das NTIC a micropemes lideradas por mulleres.

1. As axudas consistirán nunha subvención, e por unha soa vez, que como máximo será de 10.000 euros por empresa.

2. Estas axudas están destinadas a sufragar gastos derivados da adaptación do software ás necesidades da empresa. A aplicación web de comercio electrónico conterá, polo menos, os módulos catálogo de produtos, cesta da compra e pasarela de pagamento. O software destinado aos procesos de xestión interna da empresa será de estándares abertos e multiplataforma e conterá como mínimo as aplicacións ofimática, de contabilidade, de inventario e de xestión de persoal.

3. As beneficiarias ou usuarias das axudas deberán comprometerse a incorporarse a un programa de formación no uso do software dentro do programa avanza.

4. Esta subvención será compatible con outros programas elaborados polas administracións públicas, agás que se trate de subvencións do mesmo tipo, concepto e finalidade.

5. As axudas de ambas as dúas liñas son incompatibles entre si e con outras axudas percibidas para a mesma finalidade, de acordo cos artigos 14.1, 17.2, 17.3 e 17.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

CAPÍTULO II

PROCEDEMENTO

Artigo 6º.-*Solicitudes.*

Programa avanza 1:

1. As solicitudes presentaranse, no modelo normalizado que figura como anexo IA, no rexistro do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, xunto coa documentación que se relaciona:

a) Fotocopia DNI da solicitante, no caso de ser persoa física; se é persoa xurídica, fotocopia do CIF e do documento de constitución da sociedade, xunto coas fotocopias dos DNI de todas as socias/os e a documentación acreditativa da representatividade suficiente para actuar en nome da entidade.

b) Informe orixinal de vida laboral, actualizado, emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social de todas as socias/os.

c) Declaración actualizada do conxunto de todas as axudas solicitadas, concedidas ou pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes, segundo o disposto no artigo 8.4º do Decreto 287/2000 (modelo: anexo II).

d) Acreditación da cotitularidade ou titularidade excepto aquelas beneficiarias que cumpran o disposto no artigo 4.2º.

e) Orzamento de adquisición do hardware e/ou adaptación do software de acordo coas especificacións técnicas sinaladas no artigo 5.a).2.

f) Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta da solicitante na que conste: o código de banco, o código de sucursal, o díxito de control e o código de conta corrente.

g) De ser o caso, documentación acreditativa das situacións específicas obxecto de valoración segundo o establecido no artigo 9.

2. A solicitude da subvención leva consigo o compromiso de incorporación no programa formativo ao que fai referencia o artigo 5.a).3.

Programa avanza 2:

1. As solicitudes presentaranse, no modelo normalizado que figura como anexo IB, no rexistro do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, ou por calquera das formas previstas no

artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, xunto coa documentación que se relaciona:

a) Fotocopia do DNI da solicitante, no caso de ser persoa física; se é persoa xurídica, fotocopias do CIF e do documento de constitución da sociedade, xunto coa fotocopia do DNI de todas as socias e a documentación acreditativa da representatividade suficiente para actuar en nome da entidade.

b) Informe orixinal de vida laboral, actualizado, emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

c) Fotocopia da alta fiscal da empresa na actividade económica.

d) Memoria do proxecto que incluíra a descrición da actividade, referencia ao funcionamento da empresa con mención expresa aos proxectos de mellora levados a cabo, orzamento desagregado do investimento previsto para esta solicitude emitido pola empresa subministradora dos produtos obxecto de subvención segundo as especificacións técnicas recollidas no artigo 5.b.2, definición do mercado (necesidades que se pretenden cubrir, clientes...) e todos aqueles aspectos que se consideren de interese para reflectir a mellora na actividade.

e) Declaración actualizada do conxunto de todas as axudas solicitadas, concedidas ou pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes (modelo: anexo II).

f) Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta da solicitante na que conste: o código de banco, o código de sucursal, o díxito de control e o código de conta corrente.

g) Orzamento de adaptación do software obxecto da subvención de acordo coas especificacións técnicas sinaladas no artigo 5.b).2.

h) De ser o caso, documentación acreditativa das situacións específicas obxecto de valoración segundo o establecido no artigo 9º.

2. A solicitude da subvención leva consigo o compromiso de incorporación no programa formativo ao que fai referencia o artigo 5.b).3.

Artigo 7º.-Prazo.

1. O prazo de presentación de solicitudes é dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

2. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria ou a documentación achegada conteña erros ou sexa insuficiente, as unidades administrativas encargadas da tramitación dos expedientes requirirán as interesadas para que, no prazo de dez días, acheguen os documentos preceptivos ou emenden os erros detectados, con indicación de que, se así non o fixeran, se terán por desistidas da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 8º.-Comisión de selección.

1. A directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller designará unha comisión de selección, que estará composta, polo menos, por tres membros, a presidenta, que será a secretaria do organismo, e dous/dúas vogais, actuando un/unha deles/as como secretario/a. Se, por calquera causa, no momento no que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes algún dos/as seus/súas compoñentes non puidese asistir, será substituído/a pola persoa que para o efecto designe a directora xeral.

2. Unha vez avaliados os expedientes, a comisión de valoración proporá a concesión ou denegación das subvencións, de acordo cos requisitos exixidos nesta resolución e presentará á directora xeral a correspondente proposta de adxudicación.

Artigo 9º.-Criterios de valoración.

1. A comisión de valoración examinará as solicitudes presentadas, valorando os proxectos debidamente xustificadas, conforme o seguinte baremo:

a) Para o programa avanza 1:

a.1) Muller menor de 35 anos ou maior de 55: 10 puntos.

a.2) Muller que proceda dunha situación de paro, inactividade ou emprego precario: 10 puntos.

a.3) Mulleres con persoas dependentes ao seu cargo: 5 puntos.

a.4) Mulleres afectadas por algún tipo de discapacidade: 5 puntos.

a.5) Mulleres vítimas de violencia de xénero: 10 puntos.

a.6) Poboación-dispersión da localidade: 10 puntos.

b) Para o programa avanza 2:

b.1) Localización en zonas rurais ou con pouca densidade de poboación: 10 puntos.

b.2) Actividades non existentes no ámbito territorial de referencia: 10 puntos.

b.3) Empresaria autónoma menor de 35 anos ou maior de 55: 10 puntos.

b.4) Empresaria que proceda dunha situación de paro, inactividade ou emprego precario: 10 puntos.

b.5) Actividade en sectores de menor índice de emprego feminino: 10 puntos.

b.6) Establecemento de recursos de conciliación como horarios flexibles ou outras facilidades: 10 puntos.

b.7) Empresas cun índice de emprego feminino maioritario: 10 puntos.

b.8) Mulleres con persoas dependentes ao seu cargo: 5 puntos.

b.9) Mulleres afectadas por algún tipo de discapacidade: 5 puntos.

b.10) Mulleres vítimas de violencia de xénero: 10 puntos.

b.11) Poboación-dispersión da localidade: 10 puntos.

Artigo 10º.-*Resolución.*

1. A resolución dos expedientes de axudas, unha vez fiscalizada a proposta da comisión de valoración pola intervención delegada, correspóndelle á directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

2. O prazo para resolver será de catro meses, que se computarán a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido este prazo sen que recaese resolución expresa, entenderase desestimada.

3. As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes desde a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

4. As subvencións concedidas publicaranse segundo dispón a normativa vixente. Na páxina web oficial do organismo e nos cinco días seguintes á notificación da concesión e unha vez recibida a aceptación, publicarase a relación de concesións con expresión da beneficiaria, a contía e a finalidade, segundo indica o artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Artigo 11º.-*Aceptación da subvención.*

No prazo de dez días hábiles, desde a recepción da notificación da concesión da subvención, as beneficiarias deberán manifestar por escrito a súa aceptación comprometéndose a cumprir os prazos e requisitos establecidos nesta convocatoria. De non recibirse a aceptación neste prazo entenderase tacitamente aceptada. O escrito de aceptación dirixirase ao órgano competente para resolver e sen prexuízo da obriga de presentación por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e co fin de evitar atrasos na tramitación comunicárase por fax ao órgano competente durante o período de aceptación.

Artigo 12º.-*Obrigas das beneficiarias.*

1. Ademais das obrigas xerais establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as beneficiarias das subvencións do programa avanza están obrigadas a:

a) Non alterar o destino da subvención.

b) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras axudas así como as modificacións de circunstancias que inciden na concesión da subvención, segundo o establecido no artigo 11.d da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Efectuar a xustificación do gasto conforme o establecido nesta resolución.

d) Facilitar toda a información que lle requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

e) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller para realizar as comprobacións e verificacións que se consideren precisas para a constatación do cumprimento do disposto nesta resolución e demais normas vixentes que resulten de aplicación e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

f) Participar no programa de formación sobre o uso do software.

g) Dar a correspondente difusión á acción. Para estes efectos deberán incorporar os logos Feder, MITYC e SGI.

h) Utilizar o software obxecto desta subvención.

2. O incumprimento de calquera das obrigas mencionadas será causa de revogación da subvención, ou de reintegro, se é o caso, dos importes percibidos e dos xuros de demora correspondentes.

Artigo 13º.-*Xustificación e pagamento.*

1. Unha vez concedida e aceptada a subvención, o seu pagamento quedará condicionado a que as beneficiarias presenten a seguinte documentación:

a) Orixinais das facturas ou documentos equivalentes dos gastos para os que se concedeu a axuda polos conceptos subvencionables. Estes documentos estarán emitidos conforme a normativa aplicable e acompañaranse dos correspondentes xustificantes de pagamento e, de ser o caso, dos xustificantes de ter aboado as cotas, taxas ou impostos correspondentes.

b) Declaración complementaria, actualizada, do conxunto de todas as axudas solicitadas, concedidas ou pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Artigo 14º.-*Período de xustificación.*

1. A xustificación poderá presentarse ata o 5 de decembro de 2008 e con carácter xeral comprenderá, como máximo, gastos efectivamente realizados ata o 30 de novembro de 2008.

2. No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentados solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo da resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

Artigo 15º.-*Obrigas tributarias e sociais.*

A presentación da solicitude comporta a autorización ao órgano xestor para solicitarlle as certificacións á Axencia Estatal de Administración Tributaria, á Consellería de Economía e Facenda e á Tesouraría Xeral

da Seguridade Social. Non obstante, cando non resulte posible obter a certificación telemática ou esta sexa negativa, a unidade tramitadora comunicarlle esta circunstancia ás solicitantes para que, nos cinco días seguintes, acheguen as citadas certificacións, agás aqueles supostos sinalados no artigo 45, parágrafo un, letra g), da Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, segundo o cal quedan exentos de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas tributarias á fronte da Seguridade Social aqueles beneficiarios das subvencións ou axudas que se concedan con cargo ao artigo 77 do orzamento de gastos, cando non superen por beneficiario e axuda o importe de 1.500 euros.

Artigo 16º.-*Publicidade das accións.*

No lugar onde se leven a cabo as accións correspondentes aos proxectos subvencionados deberá figurar, de forma visible para o público en xeral, un cartel informativo que indique que a acción está cofinanciada polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, Feder e polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo adscrito á Secretaría Xeral de Igualdade e dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia cos seus respectivos anagramas. O modelo de cartel coas características técnicas estará na páxina web do organismo no punto de subvencións.

Nas demais accións que correspondan a proxectos subvencionados ao abeiro desta resolución non se reproducirán, en ningún documento, os anagramas das entidades e organismos cofinanciadores agás que, en aplicación da normativa vixente, se produza autorización ou instrución expresa da dirección do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

Artigo 17º.-*Modificación da resolución.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, de ser o caso, á súa revogación.

Artigo 18º.-*Reintegro.*

Procederá o reintegro total ou parcial da axuda percibida e a esixencia dos xuros de demora, nos casos e termos previstos nesta resolución e no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na normativa europea de aplicación.

Artigo 19º.-*Seguimento e control.*

As actividades subvencionadas quedan sometidas, durante os cinco anos seguintes ao inicio da actividade ou á data das contratacións por conta allea comprometidas, de ser esta posterior, ás actuacións de supervisión e control do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller; e as de control financeiro que lle correspondan á Consellería de Economía e Facenda, as previstas na lexislación do Consello de Contas ou as daqueles outros organismos públicos que, de ser o caso, procedan.

Disposicións adicionais

Primeira.-O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller poderá ditar resolucións de concesión de axudas de carácter complementario, cando existan fondos procedentes de renuncias expresas, de remanentes de subvencións inicialmente concedidas ou por ampliación, logo de publicación, do crédito inicialmente destinado no artigo 2 desta resolución. A comisión de valoración realizará propostas motivadas de adxudicacións complementarias que atenderán proxectos inicialmente desestimados por razón do baremo aplicado.

Segunda.-O prazo para a presentación da xustificación poderá ser prorrogado pola directora xeral cando se trate de subvencións concedidas con carácter complementario e comunicáraselles ás beneficiarias na notificación da resolución de concesión.

Terceira.-De conformidade cos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, co previsto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, este organismo publicará na súa páxina web oficial as concesións de subvencións segundo se indica no punto 4 do artigo 10 desta resolución, e incluírá as referidas axudas e sancións impostas por consecuencia delas nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais das persoas físicas e xurídicas beneficiarias e a referida publicidade.

Cuarta.-Sen prexuízo das facultades inspectoras que teñan atribuídas outros órganos da Administración estatal e autonómica, o Fondo Social Europeo, a Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller poderán realizar as comprobacións e verificacións que consideren precisas para a constatación do cumprimento do disposto nesta resolución e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Quinta.-O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta resolución.

Sexta.-Ás beneficiarias das axudas reguladas nesta resolución seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-A Dirección Xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller ditará as instrucións que sexan necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta convocatoria.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2008.

Ana Luísa Bouza Santiago
Directora do Servizo Galego de Promoción
da Igualdade do Home e da Muller



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral de Igualdade

ANEXO I A



UNIÓN
EUROPEA
Fondo Social
Europeo



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO PROGRAMA AVANZA 1 MELLORA DA XESTIÓN DAS EXPLOTACIÓNS AGRIARIAS POLO USO DAS TIC	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VP443A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE

APELIDOS		NOME		DNI
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO		
ENDEREZO				CÓDIGO POSTAL
CONCELLO		PROVINCIA		

EXPÓN:

Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.

Que coñece e acepta toso os requisitos e obrigas expresados na resolución de convocatoria incluída a autorización expresada coa sinatura desta solicitude para que o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller solicite a información dos órganos competentes sobre o cumprimento das obrigas tributarias e sociais para recibir axudas públicas, que se estende ao período obrigatorio de mantemento da actividade.

Que considera reunir os requisitos exixidos, polo que SOLICITA unha subvención con cargo ao PROGRAMA AVANZA 1.

Que se compromete a incorporarse ao programa de formación no uso do software de acordo co previsto no artigo 5.a)3.

De conformidade cos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, co previsto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, este organismo publicará na súa páxina web oficial as concesións de subvencións reguladas nesta resolución, e incluírá as referidas axudas e sancións impostas por consecuencia delas nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais das persoas e entidades beneficiarias e a referida publicidade.

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (os anexos presentaranse asinados en todas as páxinas e coa data)

- ☐ COPIA DO DNI DO/DA SOLICITANTE
- ☐ COPIA DO CIF
- ☐ COPIA DOCUMENTO DE CONSTITUCIÓN DA SOCIEDADE
- ☐ COPIA DO DNI DE TODOS/AS OS/AS SOCIOS/AS
- ☐ COPIA DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA REPRESENTATIVIDADE SUFICIENTE PARA ACTUAR EN NOME DA ENTIDADE
- ☐ INFORME ORIXINAL DA VIDA LABORAL, ACTUALIZADO
- ☐ DECLARACIÓN ACTUALIZADA DO CONXUNTO DE TODAS AS AXUDAS SOLICITADAS (ANEXO II)
- ☐ ACREDITACIÓN DA COTITULARIDADE
- ☐ COMPROMISO DE MANTEMENTO DA COTITULARIDADE DURANTE 5 ANOS
- ☐ ORZAMENTO DA EMPRESA SUBMINISTRADORA DO HARDWARE
- ☐ CERTIFICACIÓN ORIXINAL EXPEDIDA POLA ENTIDADE BANCARIA DA TITULARIDADE DA CONTA
- ☐ DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DAS SITUACIÓNS ESPECÍFICAS SINALADAS NO ARTIGO 9a). (INDÍQUESE A DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 19 de xuño de 2008, do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a selección de 20 explotacións agrarias de titularidade ou cotitularidade feminina e de 20 micropemes lideradas por mulleres, beneficiarias das subvencións para a mellora da súa xestión polo uso das TIC, no marco do Programa Avanza 2007 (programa avanza 1 e 2) e se procede á súa convocatoria.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de 20

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE
EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral de Igualdade

ANEXO IB

UNIÓN
EUROPEA
Fondo Social
Europeo



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO PROGRAMA AVANZA 2 INCORPORACIÓN DAS NTIC ÁS MICROPEMES LIDERADAS POR MULLERES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VP443B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE

APELIDOS		NOME	DNI
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	
ENDEREZO			CÓDIGO POSTAL
CONCELLO		PROVINCIA	

EXPÓN:

Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.

Que coñece e acepta todos os requisitos e obrigas expresados na resolución de convocatoria incluída a autorización expresada coa sinatura desta solicitude para que o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller solicite a información dos órganos competentes sobre o cumprimento das obrigas tributarias e sociais para recibir axudas públicas, que se estende ao período obrigatorio de mantemento da actividade.

Que considera reunir os requisitos exixidos, polo que SOLICITA unha subvención con cargo ao PROGRAMA AVANZA 2

(Sinálese cunha x a opción que corresponda):

☐ INCORPORACIÓN DA EMPRESA AO COMERCIO ELECTRÓNICO A TRAVÉS DUNHA WEB.

☐ INCORPORACIÓN DE NTICA AOS PROCESOS DE XESTIÓN INTERNA.

Que se compromete a incorporarse no programa de formación no uso do software de acordo co indicado no artigo 5.b)3

EMPRESA		CIF
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL
CONCELLO		PROVINCIA
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO
TIPO DE SOCIEDADE		ACTIVIDADE DA EMPRESA

De conformidade cos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, co previsto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, este organismo publicará na súa páxina web oficial as concesións de subvencións reguladas nesta resolución, e incluírá as referidas axudas e sancións impostas por consecuencia delas nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais das persoas e entidades beneficiarias e a referida publicidade.

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (Os anexos presentaranse asinados en todas as páxinas e coa data)

- ☐ COPIA DO DNI DO/DA SOLICITANTE
- ☐ COPIA DO CIF
- ☐ COPIA DOCUMENTO DE CONSTITUCIÓN DA SOCIEDADE
- ☐ COPIA DO DNI DE TODOS/AS OS/AS SOCIOS/AS
- ☐ DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA REPRESENTATIVIDADE SUFICIENTE PARA ACTUAR EN NOME DA ENTIDADE
- ☐ INFORME ORIXINAL DA VIDA LABORAL
- ☐ COPIA DA ALTA FISCAL DA EMPRESA NA ACTIVIDADE ECONÓMICA
- ☐ MEMORIA DO PROXECTO DE MELLORA
- ☐ DECLARACIÓN ACTUALIZADA DO CONXUNTO DE TODAS AS AXUDAS SOLICITADAS. (ANEXO II)
- ☐ CERTIFICACIÓN ORIXINAL EXPEDIDA POLA ENTIDADE BANCARIA DA TITULARIDAD DA CONTA
- ☐ ORZAMENTO DA EMPRESA SUBMINISTRADORA DE SOFTWARE
- ☐ DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DAS SITUACIÓNS ESPECÍFICAS SINALADAS NO ARTIGO 9 b). (INDÍQUESE A DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA)

, de
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

de 20

ANEXO II

DECLARACIÓN DE AXUDAS

Dna/D, con DNI,

en calidade de representante ou promotora,

DECLARO

☐ NON TER SOLICITADO OU PERCIBIDO NINGUNHA OUTRA AXUDA DAS ADMINISTRACIÓNS OU ENTIDADES PÚBLICAS PARA A MIÑA CONSTITUCIÓN COMO AUTÓNOMA OU PARA A CREACIÓN DA EMPRESA.

☐ TER SOLICITADO OU PERCIBIDO SUBVENCIONS DAS ADMINISTRACIÓNS OU ENTIDADES PÚBLICAS OU ORGANISMOS A ELAS VINCULADOS OU DEPENDENTES, PARA A MIÑA CONSTITUCIÓN COMO AUTÓNOMA OU PARA A CREACIÓN DA EMPRESA POLOS CONCEPTOS QUE SE INDICAN:

CONCEPTO DA AXUDA	ESTADO (*)	IMPORTE (en euros)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA

Asdo.:

(Sinatura da beneficiaria ou, se é o caso, promotor/a ou representante)

, de de 20

* Indíquese o que corresponda

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Corrección de erros.-Orde do 4 de xuño de 2008 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

Advertido erro na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia*, número 120, do 23 de xuño, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 12.346, no anexo I, onde di: «...; (640) para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego (RI)»; debe dicir: «...;

(641) para persoal doutra Administración, curso de iniciación de galego (RI)».

PARLAMENTO DE GALICIA

Acordo do 17 de xuño de 2008, da Mesa do Parlamento de Galicia, polo que se aproba a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de xefe/xefa do Servizo de Tecnoloxías da Información da administración do Parlamento de Galicia.

Ao abeiro do establecido no artigo 29 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, a Mesa do Par-